PAU **CÓDIGO 81**

Convocatoria extraordinaria 2026

CORO Y TÉCNICA VOCAL II

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 3, de 3 puntos; la 2 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda con respuestas diversas: semiabiertas, cerradas y de opciones múltiples; la tercera de respuestas semiabiertas; la cuarta, de respuesta cerrada.

CONTEXTO:

De cara a las actividades públicas de fin de curso, la clase de Coro y Técnica Vocal II está preparando un concierto con un programa que incluye obras de diversos estilos. Para presentar las obras, es necesario redactar unas **notas al programa** en las que se expliquen diversos aspectos de estas obras. A continuación puede escuchar la **audición** de una de las obras que se van a interpretar en este concierto y ver el inicio de la **partitura** de la misma:



PREGUNTA 1. ANÁLISIS. (3 puntos)
Referido a esta obra, prepare un texto de notas al programa en el que explique por lo menos estos aspectos de la obra indicada: carácter (popular-culto); contexto cultural; relación texto-música y textura; secciones del fragmento (forma musical). Extensión máxima aproximada: 250 palabras (1 página).

PREGUNTA 2. TÉCNICA VOCAL. (2 puntos)
Además de la interpretación, el concierto incluirá una pequeña presentación oral para cada obra, en la que, usando diapositivas, se expliquen algunos aspectos técnicos de la misma. Para preparar esta presentación, debe colocar en la partitura anterior las indicaciones que se solicitan y explicar en su caso, los aspectos que siguen:

1. Marque las respiraciones con una vírgula (coma) de respiración en la voz soprano.
2. Indique al inicio de cada voz, qué tipos de voces son (por su tesitura) las que deben interpretar esta obra.
3. Localice un unísono entre las tres voces.
4. Localice una "casilla de segunda vez" en el fragmento propuesto.

PREGUNTA 3. TÉCNICA VOCAL / PRÁCTICA DE CONJUNTO. (3 puntos)
Como parte de los ejercicios relacionados con esta actividad, el alumnado debe redactar una crítica para cada una de las obras que se cantaron en el concierto. Esta es la crítica que un alumno escribió respecto de la obra que estamos tratando:

> *"Siyahamba" fue sin duda una elección acertada para el programa de la velada. Lo primero que sorprendió fue la aparición del coro en grupos separados que iban evolucionando según las indicaciones del director, algo más fácil a partir de la elección de una pieza a tres voces; sin duda todo un acierto. Se nota que el coro trabajó la pieza con detalle, deteniéndose en aspectos como la afinación, por veces exigente, como es el caso de los choques disonantes de la voz intermedia; o en la igualdad de la columna de aire en las notas largas sostenidas, así como en la exacta coordinación de las entradas. Finalmente, el ritmo por veces sincopado de la obra, contribuyó a su carácter festivo que resultó aún más intenso con el chasquido de los dedos de los cantantes.*

Identifique en el texto los siguientes elementos y explíquelos en una o dos líneas:

1. Señale un comentario referido al uso de percusión corporal en la ejecución.
2. Localice un comentario referido a la técnica respiratoria.
3. Describa brevemente cuál es la opinión del autor o autora respecto de la presentación escénica.

PREGUNTA 4. PRÁCTICA DE CONJUNTO. (2 puntos)
Relacione mediante flechas los términos de las dos columnas. Cada acierto suma 0,25 puntos y cada error resta 0,125 puntos.

Respiración	Imitación
Coro gallego	Voz más aguda masculina
Aparato fonador	Laringe
Canon	Diafragmática
Tenor	Tercera
Intervalo armónico	Presentación escénica
Impostación	*Muiñeira*
Coreografía	Aparato resonador

CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **CÓDIGO 81**

Convocatoria extraordinaria 2026

CORO E TÉCNICA VOCAL II

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e a 3, de 3 puntos; a 2 e a 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda con respostas diversas: semiabertas, pechadas e de opcións múltiples; a terceira de respostas semiabertas; a cuarta, de resposta pechada.

CONTEXTO:

De cara ás actividades públicas de fin de curso, a clase de Coro e Técnica Vocal II está a preparar un concerto cun programa que inclúe obras de diversos estilos. Para presentar as obras, é necesario redactar unhas **notas ao programa** nas que se expliquen diversos aspectos destas obras. A continuación pode escoitar a **audición** dunha das obras que se van a interpretar neste concerto e ver o inicio da **partitura** da mesma:



PREGUNTA 1. ANÁLISE. (3 puntos)

Referido a esta obra, prepare un texto de notas ao programa no que explique polo menos estes aspectos da obra indicada: carácter (popular-culto); contexto cultural; relación texto-música e textura; seccións do fragmento (forma musical). Extensión máxima aproximada: 250 palabras (1 páxina).

PREGUNTA 2. TÉCNICA VOCAL. (2 puntos)

Ademais da interpretación, o concerto incluirá unha pequena presentación oral para cada obra, na que, usando diapositivas, se expliquen algúns aspectos técnicos da mesma. Para preparar esta presentación, debe colocar na partitura anterior as indicacións que se solicitan e explicar no seu caso, os aspectos que seguen:

1. Marque as respiracións cunha vírgula (coma) de respiración na voz soprano.
2. Indique ao inicio de cada voz, que tipos de voces son (pola súa tesitura) as que deben interpretar esta obra.
3. Localice un unísono entre as tres voces.
4. Localice unha "casiña de segunda vez" no fragmento proposto.

PREGUNTA 3. TÉCNICA VOCAL / PRÁCTICA DE CONXUNTO. (3 puntos)

Como parte dos exercicios relacionados con esta actividade, o alumnado debe redactar unha crítica para cada unha das obras que se cantaron no concerto. Esta é a crítica que un alumno escribiu respecto da obra que estamos a tratar:

> *"Siyahamba" foi sen dúbida unha escolla acertada para o programa da velada. O primeiro que sorprendeu foi a aparición do coro en grupos separados que ían evolucionando segundo as indicacións do director, algo máis doado a partir da escolla dunha peza a tres voces; sen dúbida todo un acerto. Nótase que o coro traballou a peza con detalle, deténdose en aspectos como a afinación, por veces esixente, como é o caso dos choques disonantes da voz intermedia; ou na igualdade da columna de aire nas notas longas sostidas, así como na exacta coordinación das entradas. Finalmente, o ritmo por veces sincopado da obra, contribuíu ao seu carácter festivo que resultou aínda máis intenso co chascar dos dedos dos cantantes.*

Identifique no texto os seguintes elementos e explíqueos nunha ou dúas liñas:

1. Sinale un comentario referido ao uso de percusión corporal na execución.
2. Localice un comentario referido á técnica respiratoria.
3. Describa brevemente cal é a opinión do autor ou autora respecto da presentación escénica.

PREGUNTA 4. PRÁCTICA DE CONXUNTO. (2 puntos)

Relacione mediante frechas os termos das dúas columnas. Cada acerto suma 0,25 puntos e cada erro resta 0,125 puntos.

Respiración	Imitación
Coro galego	Voz máis aguda masculina
Aparato fonador	Larinxe
Canon	Diafragmática
Tenor	Terceira
Intervalo harmónico	Presentacion escénica
Impostación	Muiñeira
Coreografía	Aparato resoador